

### XV feira dedicada á cereixa na Barqueira

A cereixa será a protagonista da xornada no recinto feiral da Barqueira, en Cerdido. Alí celebrárase o tradicional mercado de produtos agrícolas e gando e, ademais, a XV edición da feira monográfica dedicada a exaltar este froito.

### Antonio Cartelle expón en Pontedeume

**11.00** O pintor mugardés Antonio Cartelle inaugura hoxe na Casa da Cultura eumesa unha exposición na que se achega á Galicia rural. Estará aberta ata o día 15, de 11.00 a 14.00 e de 17.00 a 21.00.

### Narón celebra o Día da Familia en Castro

**14.00** A asociación veciñal Os Cruceiros de Castro recibe ás dúas ós participantes no Día da Familia que organiza o Concello de Narón. Haberá unha comida de confraternidade, xogos populares e actuación musical.

### Remata o Encontro de Corais de Pedroso

**20.00** A actuación da Coral Polifónica Xolda, de Lugo; da coral Pedra Xerpal, de San Tirso de Cando (Outes); e da Coral Polifónica A Pombiña (Narón) pon fin ó X Encontro de Corais que se celebra en Pedroso.

#### IMAXES DO DÍA

### As gaitas soaron en Piñeiros en recordo de Lolete

■ Bandas de gaitas de toda Galicia participaron onte nun encontro celebrado no campo da festa de Piñeiros (Narón) en memoria de Manuel García Pereira, "Lolete", mestre gaiteiro que faleceu repentinamente no ano 2005. Músicos de Xinzo de Limia, de Ortigueira, de Pontedeume (Orballo) e de Ourense (A Carballeira) tocaron en dous pasarrúas que comezaron en Freixeiro e no Ponto e remataron no campo da festa de Piñeiros, onde houbo un concerto. Unha cea-baile e unha verbena co dúo Jalisco completaron a xornada.



PAULA IGLESIAS

#### EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS

### Comezan a chegar a Curuxeiras os primeiros barcos

■ A "Jatiña", unha dorna de Portonovo, de 6,10 metros de eslora total e 2,10 metros de manga, chegou onte por estrada ó peirao de Curuxeiras, converténdose na primeira embarcación tradicional en tocar o porto ferrolán das que participarán no Encontro desta semana. Ata o de agora hai confirmadas a presenza de 81 barcos, o que supón unha tripulación, segundo datos dos organizadores, de 380 persoas. Esta cifra incrementarase segundo se achegue o xoves, data oficial da inauguración deste VIII Encontro, ata alcanzar ou incluso superar o centenar de naves.

Para acoller ós visitantes, o Club de Mar de Ferrol (organizador do encontro coa Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial e o Museo do Mar de Galicia) comezou xa a instalar infraestruturas en terra e en auga. O venres colocaron 130 metros de pantaláns para o atraque das embarcacións. Onte afanábanse en construír as carpas nas que se ubicarán os postos de diferentes museos, os obradoiros e os puntos de información. En breve poñeranse mans á obra coa taberna marítima, outro dos lugares centrais dentro da programación destas xornadas de festa.


A "Jatiña" abre o camiño para as demais embarcacións, moitas das cales abríganse xa nas rías cercanas á Coruña, onde aínda hoxe se celebra a II Concentración de Embarcacións Tradicionais.

Ó encontro chegarán barcos de tódolos puntos da Península Ibérica e das Azores. Ademais haberá representación francesa, italiana e británica. Acompañaranos autoridades. É o caso do delegado do goberno das Azores.



Imaxe da dorna "Jatiña", en Curuxeiras

P.L.



PAULA IGLESIAS

### Teatro no Centro Cívico

■ O grupo de teatro La Machina volveu encher onte o auditorio do Centro Cívico de Caranza coa estrea da súa nova obra. Trátase de "A morte non vén a verte", un traballo escrito por Camilo Cés Riobó. A peza puxo fin a un mes de xuño cheo de actividades no barrio.



ESTEVO BARROS

### Tempo de sardiñas

■ As sardiñas multiplicáronse por toda Ferrolterra, enlazando a tradición do San Xoán coa do San Pedro, a quen tamén se lle prenden rachoeiras. Santa Mariña, na imaxe, foi un dos lugares onde se degustou o prezado peixe. Tamén en Valón e en Sillobre a sardiña mollou o pan.

**JULIO CURSO INTENSIVO de mañana**

**HAZTE MONIT@R AEROBIC O QUIROMASAJISTA**

**ORTHOS 981 169 287** [www.orthos.es](http://www.orthos.es)

**curso homologado federación gallega y española de gimnasia**

**GRUPO HOSTELERO SELECCIONA: COCINEROS/AS**

SE OFRECE: Salario según valía, Estabilidad en el empleo

SE REQUIERE: Profesionalidad, seriedad, Experiencia demostrable

INTERESADOS LLAMAR EN HORARIO DE OFICINA AL **981 277 488** PARA CONCRETAR ENTREVISTA PERSONAL.

**SE RUEGA TRAER CURRÍCULO**

**Mueblería Céntrica SELECCIONA DECORADOR/A DEPENDIENTE/E**

- Titulación y experiencia (no imprescindible)
- Elevada remuneración (fijo + comisiones)
- Incorporación inmediata
- Reserva a colocados/as

Escribir adjuntando C.V. y fotografía reciente al Apdo. de Correos nº 542 de Ferrol. Ref: Mueblería